

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: Listaxe de solicitudes admitidas e excluídas para 1 praza de cociñeiro/a.  
Departamento Recursos Humanos  
EXPEDIENTE: 2022/E001/000024

Logo de ver que rematou o prazo de presentación de solicitudes para participar no procedemento selectivo da contratación do persoal laboral temporal de 1 praza de cociñeiro/a cuxa convocatoria e bases foron aprobadas por decreto de alcaldía 1060/2023 de data 31 de xullo de 2023, publicadas no BOP o día 7 de agosto de 2023 e cuxo prazo de presentación de instancias abarcou dende o 8 ao 14 de agosto de 2023.

E de ver o informe da Técnica de Recursos Humanos referente á relación de persoal aspirante e os documentos que presenta.

O alcalde ostenta a atribución para resolver estas cuestións, ao abeiro do artigo 21.1 da LBRL e demais lexislación.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1.- Aprobar a listaxe provisional do persoal admitido e excluído neste proceso selectivo:

### Solicitudes admitidas:

Apelidos e nome	Rexistro entrada	DNI
Rodríguez Velo, Luisa	1657 de 09/08/2023	***7019**

### Solicitudes excluídas:

Apelidos e nome	Rexistro entrada	DNI
Filgueira Gómez, Teresa	3281 de 11/08/2023	***5275**

Causa de exclusión: Non estar en posesión da titulación esixible segundo as bases específicas que regulan a convocatoria, aprobadas por decreto de alcaldía.

Causa de exención: Non subsanable ao día de remate do prazo de presentación de instancias.

2.- Atendendo ao informe da Técnica de Recursos Humanos e como consecuencia do punto anterior, elevar a definitiva a listaxe provisional de persoal aspirante admitido e excluído.

3.- Designar nominativamente aos membros do tribunal cualificador para levar a cabo a actualización de méritos ao abeiro da base 7 que regula o proceso de selección mediante o sistema de concurso.

### Presidenta:

-Dolores Ramos Lage, Mestra da EIM do Concello de Santa Comba, ou persoa que a substitúa.

### Vogais:

-María Magdalena Ordóñez Villar, persoal funcionario de carreira do Concello, ou persoa que a substitúa.

-Evaristo Lois Rama, persoal funcionario de carreira do Concello, ou persoa que a substitúa.

-Vanesa Negreira Espasandín, persoal de apoio da EIM do Concello de Santa Comba, ou persoa que a substitúa.



Secretaría do Tribunal:

-Luz María Vieito Díaz, persoal funcionaria de carreira do Concello de Santa Comba, ou persoa que a substitúa.

4.- Publicar a listaxe de solicitudes admitidas e a composición do tribunal cualificador conforme ás bases que regulan o proceso de selección.

5.- Convóquese ao tribunal cualificador para a baremación da documentación das solicitudes presentadas ás 8:15 horas do día 21 de agosto de 2023 no Salón de Plenos da Casa do Concello.

6.- Dar traslado deste decreto, aos membros designados.

7.- Dar conta ao Pleno da Corporación municipal na primeira sesión que se celebre.

Santa Comba,

O alcalde,

Dou fe, O secretario acctal  
Resolución DXAL de 25/03/2021  
P. Resol. Alcaldía núm 1062 do  
01/08/2023